

# A ARTILLARÍA DA FRAGATA MAGDALENA: O OBÚS DE FERRO DE 12 POLGADAS

José López Hermida

---

Este traballo vén completar algúns aspectos do artigo "A Artillaría da fragata *Magdalena*", publicado no número 19 da revista *Cátedra*.

Na páxina número 162 da citada revista referíame á presenza no pecio da *Madalena* de "(...) un obús de ferro de 12 polgadas" cuxa orixe non estaba documentada".

Trátase, en efecto, dun obús, aínda que do tipo denominado *carronada*. Como sinala o brigadier Cándido Barrios nas súas *Nociones de Artillería*: "as carronadas e gonadas, no son en rigor sino obuses de distintas dimensiones y formas que ha usado la Marina, así como los bomberos, los licornios rusos y las colombiadas de los estados Unidos".

Recibiu o nome de *carronada* debido a que as primeiras pezas deste tipo se construíron nunha fundición situada na cidade escocesa de Carron.

As *carronadas* foron deseñadas en 1774 polo xeneral inglés Robert Melville, quen as denominou *smasher*, aínda cando algúns autores propoñen tamén como inventores a Carlos Gascoigne, oficial de infantaría británico interesado na artillaría; ou a Patrick Miller, comerciante de Edimburgo. Destinadas inicialmente ao exército, o deseño desenvolveuse en 1778 pola Carron Iron Founding and Shipping Company of Falkirk, Scotland, da que tomou o seu nome máis difundido. Segundo o *Diccionario Marino* de 1849, as *carronadas*, adaptadas para artillar os buques, foron introducidas na Mariña Inglesa polo xeneral Gascoigne en 1779. A nova arma tivo rápida aceptación entre mercantes e corsarios, pero segundo algúns autores a Royal Navy sería máis conservadora e, aínda en 1781, non a recoñecía como dotación regulamentaria, malia que 429 dos seus buques contaban con elas, custeadas ás veces polo propio capitán.

Este tipo de pezas nacen da necesidade que tivo a artillaría naval dende a antigüidade de disparar proxectís ocos (granadas) cunha traxectoria tensa (horizontal), para así poder atravesar os costados dos buques e estoupar no seu interior. Con este obxectivo desenvólense polas distintas potencias da época baixo diferentes nomes: *obús* en España, *columbiada* en Estados Unidos, *licornio* en Rusia, ... Aínda que todas elas son diferentes tipos de obús, do que proceden nos seus conceptos básicos, con lixeiras variacións.

Tratábase de pezas moi curtas, capaces de disparar os proxectís ao uso pero con menor carga de pólvora. As carronadas podían lanzar balas ocas co fin de diminuír o peso e aumentar a velocidade, pero estas balas nunca se cargaron con explosivo, quizais polo perigo do seu uso por persoal non especializado no seu manexo e conservación.

O seu propósito era disparar a curta distancia, cando se aproximaba un buque para a abordaxe ou o combate corpo a corpo

Nun principio utilizouse en barcos civís, mercantes e unidades dedicadas ao corso, pois –como xa sinalamos– era unha arma con boa potencia de fogo a curta distancia, de pouco peso, o que a facía ideal para montar na cuberta dos mercantes; e doada de manexar por poucos serventes.

O seu emprego regulaméntase na *Royal Navy* por Ordenanza de 1779, da man do xeneral Gascoine.

A peza procedente do pecio da fragata *Magdalena* -afundida na ría de Viveiro- está depositada no Museo Naval Militar da Zona Marítima do Cantábrico e é unha das primeiras pezas orixinais deste tipo, fundida no ano 1772, sete anos antes da súa adopción pola Mariña Real Británica.

Lámpara (Foto de Pedro Rodríguez)



Aínda que na Armada Española non chegaron a ser regulamentarias, si formaron parte dalgúñas unidades da nosa Escuadra. En xeral, usáronse como complemento da artillaría en embarcacións menores adquiridas a diversos países, tomadas ao inimigo, etc. As *gónadas* utilizáronse en número máis limitado que as carronadas.

Os primeiros datos deste material chegan a España en 1783. En 1784 chegan a Cádiz seis carronadas de groso calibre coas súas montaxes, petrechos e municións, acompañadas dun comisionado da fábrica de Carron. En 1794 fabricáronse en La Cavada dezaioito carronadas da 24 libras que, unha vez chegadas a Ferrol, quedaron abandonadas no parque.

O gran desenvolvemento na adopción deste tipo de armamento produciuse durante a Guerra de Liberación Americana (1861-1865).

Perderon a súa importancia coa aparición dos denominados *canóns bombeiros* de Paixhans.

Os primeiros modelos montábanse sobre *cureñas* con rodas, como o ilustra Martínez Hidalgo no seu *Diccionario Náutico*. Outros modelos servíanse de muños para a súa montaxe –en cuxo caso reciben o nome de *gonada* (ver José López Hermida, *Un canón no Museo das Mariñas*, en “Anuario Brigantino”, nº 28)–, pero dende fins do século xviii na carronada estándar, montada sobre un afuste de carril, os muñóns substituíronse por un groso anel vertical con pasador situado na parte inferior do tubo.

En xeral, todas tiñan alza e guión (Howard, páx. 213).

## DESCRIPCIÓN DA PEZA

Estamos ante unha peza de ferro coado, de fabricación inglesa, que pertence á familia das carronadas, que disparaba granadas equivalentes a unha bala maciza de 12 libras, e cargábase pola boca (avancarga). É unha peza curiosa pola súa antigüidade, pois foi fundida en 1772, antes de ser adoptada como regulamentaria pola *Royal Navy*.

A súa forma exterior é a dun tronco de cono, con dous pequenos cilindros laterais –muñóns– e varias molduras que a embelecen, que de culata a boca son as seguintes:

— A culata, parte maciza e oposta á boca, que pecha a peza. Está composta polo dado, onde se encaixaba unha pequena rabeira para dirixir a puntaría; o ollo ou argola, por onde pasa o cabo de retida do retroceso; o colo e a lámpada.

— A lámpada, que está composta por un filete e tres golas reversas en diminución cada unha.

A faixa xunquillo e o primeiro bocel da lámpada, que aloxan a meseta na que se atopa o oído, trade cilíndrico que se lle fai á peza para comunicar o fogo á carga de proxección.

— O primeiro corpo, no que se aloxan os muñóns, que serven á peza de sustento e eixe no movemento de elevación. Ao comezo do primeiro corpo atópase o reforzo de



Pieza (Foto de Pedro Rodríguez)



Tulipa (Foto de Pedro Rodríguez)

culata, formado por faixa con escocia. Na unión do primeiro corpo co segundo, atopa unha faixa, máis estreita que a da culata, cun talón.

— O segundo corpo ou cana, que remata na tulipa, formada por escocia, bocel, xunquillo, faixa, xunquillo escocia e xunquillo. Na tulipa, aliñado coa meseta, alóxase o punto de mira, que facilita a aliñación da puntaría da peza.



Vista lateral da peza (Foto de Pedro Rodríguez)

## CONCLUSIÓN

O único que falta por saber é por que a carronada en cuestión estaba no pecio da fragata *Magdalena*, acompañada doutra peza, un canón de ferro da unha libra, tamén de fabricación inglesa.

Para explicalo, caben varias posibilidades: a primeira, que a citada fragata tivese a bordo material cedido por Inglaterra; e a segunda, que a fragata inglesa *Narcisus* perdese este material ao ser abordada pola *Magdalena*, arrastrada polo vento, na noite do naufraxio –o 2 de novembro de 1810–; ou, finalmente, que se transbordase.

